


A competencia lectora na sociedade actual: retos, desafíos e algunhas propostas para as aulas

Montse Pena Presas

montserrat.pena@usc.es

Grupo RODA-Universidade de Santiago

Proxecto de Investigación: "Lecturas no ficcionais para la integración de ciudadanas y ciudadanos críticos en el nuevo ecosistema cultural" (PID2021-126392OB-I00). Proyectos de I+D de Generación del Conocimiento" do Programa Estatal de Investigación, Desarrollo e Innovación. Ministerio de Ciencia e Innovación



O contexto global: a sociedade dixital

CAMBIOS NO XEITO DE RELACIONARNOS

A metamoforse mediática da sociedade e as transformacións dos nosos hábitos (Shüller-Zwierlein et al., 2022)

CAMBIOS NO XEITO DE LER


Rede como lugar no que o lectorado ten que aprender a manexarse para **xerar coñecemento** (Tabernerero e Laliena, 2023)

"A medida que aumenta el acceso de los niños a los dispositivos digitales personales en el hogar, **es aún más importante que la escuela fomente la lectura de libros** y que se ocupe de ello" (Kovač y Van der Weel, 2020)

CAMBIOS NA PERCEPCIÓN E NO VALOR DO QUE É LIDO

- "Todos escriben para todos" (Zafra, 2017); "lectoría" (Mora, 2017) e as "escritas á intemperie"


Podemos seguir lendo na escola igual no S. XXI que no XX?



X. e as súas dificultades con *Nós estamos aquí*

Como adoita ser a práctica diaria da lectura na escola?

Secuencia de lectura clásica



1. A mestra escolle unha lectura dun libro de texto.
2. Un alumno le un fragmento, mentres o resto segue a lectura no seu libro
3. Se comete algún erro de oralización, o mestre corríxeo ou delega noutra alumna.
4. Unha vez oralizado o texto, o mestre, a mestra formula preguntas sobre a lectura, que o alumnado contesta individualmente.
5. Exercicios de gramática ou de semántica a partir do texto, se é clase de lingua

En que medida unha actividade así fomenta a comprensión lectora? E a competencia lectora?

A comprensión lectora e a competencia lectora

COMPRESIÓN LECTORA

Capacidade de captar, o máis obxectivamente posible, o que unha autora ou autor quixo transmitir nun texto escrito.

Máis vencellada ao individuo e ás súas capacidades intelectuais e emocionais

COMPETENCIA LECTORA

Habilidade dunha persoa de empregar a súa comprensión lectora en todas as situacións de forma útil na sociedade que lle rodea

Importancia da socialización, da variable pragmática

"Comprensión, uso, evaluación, reflexión y compromiso con los textos con el fin de lograr objetivos propios, desarrollar el conocimiento y el potencial personal y participar en la sociedad" (OCDE, 2018, p.16)

A competencia lectora

Implica o contacto con todo tipo de textos dende EI

Vese determinada polo o traballo con textos o máis reais posibles

Supón diferentes maneiras de ler

Implica a participación do individuo na sociedade

Implica ler textos en relación con imaxes, mais tamén en relación ao contexto

Precisa un traballo coa lectura interárea

OU A METÁFORA DA MONTAÑA



A competencia lectora da clase




Quizais unha cordilleira máis que unha montaña


A competencia lectora e a competencia literaria



A competencia literaria é a habilidade de ler adecuadamente todo tipo de textos literarios



Tipos de lectura (en papel)



Non se contempla a lectura de imaxes nin a interacción imaxe-texto, nin, en todo caso, a lectura de carácter multimodal.

Habilidades lectoras de alto "rendemento"


- Lectura crítica
- Lectura inmersiva
- Lectura literaria
- Lectura a longo prazo
- Lectura lenta
- Lectura tenaz
- Lectura non estratéxica
- Lectura como desafío

(Shüller-Zwierlein et al., 2022)



Len as nenas e mozos?

Federación de Gremios de Editores de España, 2025



De todas as franxas de idade que recolle o estudo, a poboación máis lectora está entre os 15 e os 24 anos, acadando un 75,3% do total, fronte ao 66,4% (24-65) e ao 55,6% (+65)

Xa sabemos que len, mais len en galego?

O galego tan só é a lingua habitual dun 7% da poboación entre 5 e 14 anos

Só o 6,1% dos enquisados leran o seu último libro en galego. Só un 0,4% o teñen de lingua habitual de lectura.


Un 78% das familias le ao seus fillos e fillas de entre 0 a 6 anos. Tan só un 5,2% o fai en galego.

Un 82,5% de nenas e nenos entre 6 e 9 anos son lectoras e lectores habituais. Tan só un 3,7% o fai en galego.



O galego tamén é unha lingua marxinal na lectura

Federación de Gremios
de Editores de España,
2025



Como len as nenas e mozos? Len o que nós queremos?

- A partir de que van medrando, **aumenta a lectura de blogs ou webs** (ata un 72,% na franxa 15-18) e a de redes sociais (chegando ata un 68,5% na franxa 15-18) (Federación de Gremios de Editores de España, 2025)



O rendemento medio en lectura baixou 14 puntos (13 no caso galego) en España no período 2012-2022 segundo o informe PISA (Ministerio de Educación, 2023)



Lluch (2017) documentaba xa esta tendencia hai 8 anos, que ademais non só é propia do noso estado e cada vez semella comezar antes (Scholes, 2023)



Os influencers e as grandes plataformas de venda están substituíndo á escola e á biblioteca como lugares de prescrición



Quizás haxa que preparar doutros xeitos a expedición...

- A escola é, máis que nunca, unha tentativa de equilibrar as posibilidades dunha persoa en converterse nunha boa lectora.
- **O gusto**, como a posibilidade de subir unha montaña, **tamén se educa**.
- O centro é un espazo educador é, como tal, a lectura e todo o relacionado con ela deben estar presentes nos seus espazos.
- Ler é unha práctica constante, un desafío permanente. **A subida á montaña como mediadoras e mediadores vai en dúas direccións: a nosa propia práctica e o noso acompañamento ao grupo.**
- **Os itinerarios lectores en lingua galega son unha forma de rebelarse ante un mundo en que a biodiversidade periga, mais tamén de dar a coñecer a nosa propia cultura.**



Que é un itinerario lector? Para que serve?

Non hai un itinerario universal.

Camiño lector que o alumnado dun ciclo ou dun centro vai percorrer e que pode dar lugar a outros "camiños" (de corte temático, xenérico, de interese grupal, de necesidades derivadas do currículo, etc.)

Teñen sentido en todas as etapas educativas?

Lecturas que representan unha sorte de **canon escolar**

Idealmente elixidas polo equipo da biblioteca+profesorado



ALGÚNS CRITERIOS PARA A SÚA ELABORACIÓN

- Calidade
- Autoras e autores de LIX canónicos en lingua galega e universais ("clásicos contemporáneos")
- Variedade de xéneros e subxéneros literarios
- Obras que garantan a posibilidade de lecturas diversas, para tentar procurar "**autoestima lectora**"
- Novidades+obras que sabemos que funcionan (coidado coa "obsolescencia" editorial)

Unha proposta para Educación Primaria I



Posibles lecturas para un primeiro ciclo





Importancia de acompañar sempre con álbum

Unha proposta para Educación Primaria II



3º


Posibles lecturas para un segundo ciclo



4º



Unha proposta para Educación Primaria III

5º



Posibles
lecturas para
un terceiro
ciclo

6º



Unha proposta de itinerario interárea en galego para a ESO

Descansar a competencia lectora nas materias de lingua e literatura fai que o tempo para a lectura na escola se vexa moi reducido.

O currículo galego (Decreto 156/2022, de 15 de setembro) indica a necesidade de garantir un tempo de lectura en todas as materias

Importancia de construír camiños que aposten por unha lectura en profundidade e que o fagan dende o elemento material (Taberner, 2019)



Cando leo de Eva Mejuto e
Bea Gregores (Xerais, 2022)

Criteria para un itinerario en galego de lecturas por materias

Textos de calidade contrastada

- Procúrase a non repetición de figuras autorais, cando menos na mesma temática

Inclúense diferentes tipos de obras e de xéneros como xeitos de recuperar distintas maneiras de ler

- Cando é posible, introdúcense algúns textos para "público adulto", pensados para acceder a eles ao final da ESO.

En ningún caso supón unha selección de "libros para", senón de obras que poden acompañar aprendizaxes de determinadas materias.

- Achégase unha orientación por ciclos. Cando non se marcan estes, as obras están colocadas de maior a menor dificultade.

Exclúense textos para as materias de lingua castelá, inglesa e francesa

Unha proposta



Obrigar a ler?

Referencias bibliográficas

- Cassany, D.; Luna, M. e Sanz, G. (1994). *Enseñar lengua*. Graó.
- Cruces, F. (dir.) (2017). *¿Cómo leemos en la sociedad digital? Lectores, booktubers y prosumidores*. Ariel-Fundación Telefónica.
- Federación de Gremios de Editores de España (2025). *Hábitos de lectura y compra de libros en España 2024*.
- Kovač, M. e Van der Weel, A. (eds.) (2020). *Lectura en papel vs. Lectura en pantalla*. CERLAC-UNESCO. https://cerlalc.org/wp-content/uploads/2020/04/Cerlalc_Publicaciones_Dosier_Pantalla_vs_Papel_042020.pdf
- Ministerio de Educación (2023). *PISA 2022. Programa para la evaluación internacional de los estudiantes. Informe español*. Instituto Nacional de Evaluación Educativa.
- Monteagudo, H; Loredó, X. e Vázquez-Grandío, G. (2024). *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística*. Real Academia Galega.
- Mora, V. L. (2017). "Autoría y lectoría: de los lectores que comparten, reutilizan y reescriben a los artistas de la renunciación". En José Antonio Pérez Bowie e Antonio Jesús Gil González (eds.), *Ficciones nómades. Procesos de intermedialidad literaria y audiovisual*. Sial Pigmalión. 393-412.
- Scholes, L. (2023). Reading for digital futures: a lens to consider social justice issues in student literacy experiences in the digital age. *Cambridge Journal of Education*, 54(1), 71–88. <https://doi.org/10.1080/0305764X.2023.2281695>
- Schüller-Zwierlein, A., Mangen, A., Kovač, M., & Van der Weel, A. (2022). Why higher-level reading is important. *First Monday*, 27(5). <https://doi.org/10.5210/fm.v27i5.12770>
- Taberero, R. (2019). *El objeto libro en el universo infantil. La materialidad en la construcción del discurso*. Prensas de la Universidad de Zaragoza.
- Taberero, R. e Laliena, D. (2023). El libro ilustrado de no ficción en la formación de lectores: análisis de las claves discursivas y digitales para leer en la sociedad digital. *Texto Livre* 16 <https://doi.org/10.1590/1983-3652.2023.41926>